

## *A Memoria das Escolas Proval Testemuñas dos seus alumnos e alumnas entre 1909 e 1934*

MARÍA XOSÉ GONZÁLEZ CHAMORRO

### INTRODUCCIÓN

A presente colaboración partiu dun grupo de profesores e alumnos do IES Escolas Proval que durante o curso académico 2003-04 decidimos presentarnos a un concurso convocado polo Museo Pedagóxico de Galiza, MUPEGA, consistente na recuperación oral da memoria escolar.

Dada a proximidade das datas coa celebración do centenario da fundación da *Unión Hispano Americana pro Valle Miñor* en 1905, consideramos que sería unha aportación interesante para a historia das Escolas Proval se recollíamos os testemuños daqueles ex alumnos e ex alumnas da etapa anterior á Guerra Civil, isto é, daquelas persoas que pasaron polas súas aulas entre 1909, data da súa inauguración na Ramallosa, e 1934, ano no que pechan segundo notificación da Comisión Directiva da *UHAVM* de Bos Aires.

Movémonos por suposto baixo un punto de vista pedagóxico. Foi a etapa que, como docentes, máis nos atraía, pero non pretendemos afondar na investigación pedagóxica; o que significou o labor educativo levado a cabo polas Escolas Proval nas primeiras décadas do século pasado téñeno estudado especialistas como M<sup>a</sup> Carmen Pereira, Antón Costa ou Xosé M. Malheiro, e mesmo algunhas das súas conclusións foron publicadas en números anteriores desta revista, e porían xa en antecedentes aos lectores valmiñoranos da importancia que tivo este centro na vida escolar da comarca.

Tamén pesou en nós o feito de que, desde o punto de vista da historia oral, fose esta época a prioritaria; os nosos informantes presentaban unha idade xa avanzada e algúns tiveron que facer grandes esforzos por recompoñer os fragmentos esvaídos da súa vida escolar. En todos os casos, a xenerosidade e a boa vontade manifestada para tratar de reconstruír todos estes anacos de memoria, constituíu sen dúbida o máis destacado deste traballo. A todos eles estámolles moi agradecidos, e a todos eles, servíndonos dos seus testemuños, queremos recollerlles agora a palabra que nos transmitiron e convertela na protagonista dunha serie de recreacións que pretenden achegar os vínculos emocionais que aínda hoxe, case cen anos despois, unen ao alumno e á alumna coa súa escola.

## DE VILARÉS Á HABANA. NA PROCURA DUN FÍO DOURADO

A Gonzalo cústalle lembrar. Naceu en 1903 en Vilarés, en Vilaza, e ten ás súas costas 102 anos dunha vida entregada ao traballo. Seus pais atendían das terras do pazo e el debía perpetuar a mesma ocupación, así que, pouco foi á escola. Primeiro á normal de Gondomar; despois o seu padriño, Gumersindo Copena, membro do Consello de Administración da *Unión Hispano Americana no Val Miñor*, e pai do famoso Nolete, tráeo para as Escolas Proval. Non lembra exactamente as datas, pode que en 1916, ou quizais 1917; na súa memoria só hai unha data gravada, 1922, aínda non cumprira os 19, o ano que marchou para Cuba; aquí xa se sabía, non había forma de saír adiante, o ciclo da labranza, a terra que non era del, os anos do pazo...



Gonzalo Cortiñas Copena na súa casa de Mañufe.  
(Foto: M. X. González)

Tampouco se lembra exactamente dos anos que botou na Proval, pode que tres, ou catro, só lembra que deixou os libros no caixón do pupitre aquel verán emigrante, e dálle un aquel de tristura ao pensar nos libros, alí, abandonados, co seu nome escrito con letra inclinada, *Gonzalo Cortiñas Copena*.

Pero tamén o anima falar de Eladio Ferreiro, para el é don Eladio, o seu mestre. Había outros: don Carlos, que sacaba aos nenos das primeiras letras; don Casto, que daba no 3º Grao, recién licenciado do servizo, era quen adestraba aos exploradores; don Enrique de 2º, aínda que Eladio Ferreiro é o seu predilecto.

E agora Gonzalo detense un anaco, toma alento e cóntame unha anécdota, algo sen importancia, un neno que se manca, o neno era el, un mestre xeneroso que o atende, era don Eladio, e o recuerdo permanece intacto no almacén da súa memoria. Eran as doce; como outros rapaces de lonxe, quedaba alí a comer para non perder tempo polos camiños, ou quizais para dar conta daquel caldo branco con arroz, patacas e feixóns que preparaban diariamente dúas cociñeiras. Buscou un bo sitio para sentar e topouno sobre uns perpiaños tumbados no chan cos que estaban levantando as cocheiras; un pouco máis arriba a mina abastecía de auga á escola. Sen querelo foise meter no medio dunha pelexa resolta a pedradas e apañou na cabeza. Botou moito sangue e mareouse. Don Eladio levouno á enfermería, *quedaba alí segundo se entra, á man dereita*, e lémbrese de cómo lle rapou o pelo para limparlle a terra e facerlle a cura mentres falaba de vagar, *que non era nada, que podía ir rematar o caldo, iso si, que tivese máis coidado para outra vez, a ver onde se puña a comer...* Don Eladio tratouno moi ben. Agradecido, Gonzalo buscoulle un recanto na súa memoria e nunca máis o esqueceu.

Tampouco esqueceu o que viu á volta da enfermería xa repostado do susto. Aínda que lle tiñan falado delas nunca as vira tan de preto, pero ese día, sen querelo, os

seus ollos bateron co cuarto das bandeiras, imponentes, maxestosas. No medio a española, a uruguaia á esquerda e á dereita a arxentina; daquela non lle facía compañía a galega, iso sería máis tarde. Luxosamente bordadas con fíos dourados, as bandeiras fachendeaban da súa altiveza perante o cuarto do calzado dos pobres, uns rústicos zocos de fábrica para o inverno e unhas zapatillas de esparto para o verán, e competían co roupeiro dos exploradores, uniforme composto de camisa e pantalón curto a xogo, de cor verde clara, con iniciais bordadas, *UHA, Unión Hispano Americana*, sombreiro, tamén marcado, cantimplora ao lombo, calcetíns con ribete da bandeira española e pano vermello no pescozo. Eran os rapaces de don Casto emulando aos *boys scouts*.

E deu en pensar nestes tres cuartos, nas bandeiras, os uniformes, os zocos... e reparou que só os últimos estaban ao seu alcance. Ese día foi cando decidiu marchar para Cuba na procura dun fío dourado para bordar a súa bandeira e as súas iniciais no traxe branco e no sombreiro de palla.

#### DESDE PARADA TAMÉN SE VE O MAR

José fala pouco, desconfía por qué se lle fan tantas preguntas, non entende este súpeto interese polas Escolas Proval, pero asente cando lle digo que era unha boa escola, empeñado en demostrarme que todo tempo pasado foi mellor, di, *escola coma esa non a hai hoxe*.



José Cima González na súa casa de Parada.  
(Foto: M.X. González)

José foi alumno da Proval entre 1926 e 1931, ano da proclamación da II República, a quen lle bota a culpa de que as Escolas comezasen a ir mal, *chegou a República e acabouse todo*. Descoñece que xusto ese foi o tempo das Misións Pedagóxicas e da reforma educativa. En 1931, orfo xa de pai, perdeu a súa nai e con catorce anos fíxose cargo do resto da familia; ten que abandonar a escola. Demasiado peso para un cativo, quizais por iso non lle agrade lembrar ese ano, quizais por iso estea resentido coa República; a súa chegada coincidiu coa despedida da nai e a fin da súa etapa escolar.

Así e todo, lémbrese de todos os mestres, foron catro ou cinco anos que botou na Proval. Fálame de Nolete, que atendía aos pequenos, de Antonio Taboada, do 2º Grao, de Álvaro Rei Alar, de 3º e de cómo de cando en vez botaba unha soneca mentres un alumno tiña cargo da orde, de Enrique Valverde de 4º. Tamén se lembra de Eulogio Pino, o administrador que vivía no piso de arriba e de Celestino, o conserxe que se ocupaba do mantemento, pero o que máis emoción lle provoca é reconstruír, como quen arma un quebracabezas, as pezas do Gabinete de Física, Química e Histo-

ria Natural. A Física chámalle: *dun lado había moitos animais disecados, un raposo, unha garza, un avestruz, unha donicela, e coleccións de insectos e bolboretas en estoxos de cristal, formando un verdadeiro museo, do outro lado había moitas pedras en caixas, eran coleccións de minerais e había tamén un microscopio, balanzas, tubos de vidro, un laboratorio de fotografía e moitas máis cousas.*

José pregúntase de onde saíría todo ese material, quen o compraría e como chegaría ata aquí se nin sequera había tranvía daquela. Dígolle que as escolas americanas, como a Proval, tiñan costume facer as súas compras de material pedagóxico en París e fállolle do seu afán por conseguir un ensino máis racional e non tan memorístico, de que as clases fosen prácticas e estivesen vivas; por iso había tanta dotación instrumental, para que os alumnos puidesen tocar, manipular, pensar e chegar así ao coñecemento por si mesmos, pero el segue coa súa descrición, *e de fronte estaba, o esquelete, de verdade, ¿eh?, á súa beira había un segundo, pero esa xa era de plástico, se lle tirabas a tapa do peito víaselle o corazón, os figados, os intestinos e se lle dabas a un aparello que tiña por detrás, movía as queixadas.* Algúns rapaces tiñanlle medo, el incluído, e os mestres obrigábanlles a collerlle a man, fría e osuda. *O medo é o que nos impide progresar, non hai que ter medo de aprender cousas novas, dicíalle don Enrique.*




Os nenos e as nenas de UHAVM, entre os que se atopa José Cirna, desembarcando na illa de Toralla. (Foto: Vida Gallega)

Aínda que para medo, o que pasou aquel día. Saían de excursión a unha illa, dubida entre Toralla ou tal vez San Simón. Cónrame que embarcaron nun porto, nuns lanchóns ateigados de rapaces e rapazas e el era a primeira vez que montaba nun bote. Era de Parada, pero nunca sentira o mar tan de preto, aquilo movíase moito, tanto que se mare-

ou. Levábanos a estudar as árbores e as rochas, pero el pouco aproveitou. De súpeto lembro unha foto, de *Vida Gallega*; daba conta desta saída pedagóxica das Escolas Proval. A noticia confirma que é Toralla. A filla do director da revista, Julia Solá, era a directora das nenas. Seguramente formaría tamén parte da expedición. Volto outro día e móstrolle a foto a José que senta emocionado. Dende a ventá da súa casa de Parada mírase o mar. Coloca as lentes de cerca e enmudece. Non se reconece, a foto está algo estragada, pero tanto ten, el sabe que é un deses nenos de mandilón, *era para sermos todos iguais, di, para que non se notara quen era o rico e quen era o pobre.*

Agradecido por deixarlle a foto, correspóndeme entoando as notas musicais, *do-re-mi-fa-sol-la-si-do, e agora ao revés, mire, do-si-la-sol-fa-mi-re-do, isto tamén mo ensinaron nas Escolas Proval.*

## A MIN GUSTÁBAME MOITO ESTUDAR



Esmeraldo Pérez Barros na súa casa de Parada.  
(Foto: M. X. González)

Esmeraldo vive só. Quedou viúvo hai uns anos e a casa extraña os xeitos da muller. Os seus silencios falan de que lle gustaría lembrar con ela os seus anos na Proval. Hai xa moitos anos, demasiados; non obstante, sorprende a exactitude con que calcula, *sempre me gustaron os números, ensinaban moi ben as matemáticas nesas escolas*. Dillo cada vez que vai xogar a partida de dominó á Carrasca, *sempre teño que estar cun lapis anotando, din que son moi rápido coas contas*. Tamén foi moi rápido calculando os seus anos de estudante, *entrei na Proval no ano 24, con 7 anos. Botei cinco, así que debín saír no 29 ou no 30*. Abráíame a súa seguridade numérica, ten 87 anos e unha axilidade mental prodixiosa.

*Aínda gardo unha foto de cando entrei nas escolas, quere vela?* E toda a vida que lle pasa de súpeto mentres pousa o retrato enriba da mesa. Reparo na forza dos seus ollos, na forma das orellas, nos seus apretados beizos, no mandilón gris escuro cun número bordado, *cada alumno tiña o seu, cando remataba a clase había que dobralo e colocalo no respaldo da cadeira, no corte do pelo, había que levar o pelo moi curto polos piollos*. Celestino, o conserxe, era quen o cortaba. *Os mestres miraban moito pola hixiene*.

A Esmeraldo gustaríalle ter estudado. Gustaríalle ter ido tamén pola tarde a aprender un oficio con Enrique Valverde, o director, con el preparáronse moitos rapaces do Val Miñor e fixeron carreira, os Alboreses de Camos, que saíron mestres, os Hermiditas, Nolete e o seu irmán Sindo, Ramón Vicente que se fixo médico...; pero el ía só de mañá, de oito a unha. Polas tardes, ao campo, co gando; en canto botou corpo foi izando áncoras da escola; na época da vendima seu pai tiña que falar co mestre e xustificar a súa ausencia. Só estaba permitido faltar tres días; el faltaba tres semanas e gustaríalle non ter faltado nunca.

E cóntame, fachendoso, que unha vez gañou un premio, foran 5 pesetas que se converteron en 5 quilos de bacallau. Visitaba a escola unha autoridade, e a súa memoria numérica non é tan áxil cos nomes, pode que fose un inspector porque entrou na aula de don Álvaro, de 3º Grao, e puxo a proba os coñecementos enciclopédicos dos



Esmeraldo Pérez Barros con sete anos, cando era alumno da UHA. (Foto: Arquivo do IEM)

alumnos. El acertounas todas; desde xeografía a aritmética, de ortografía ás ciencias naturais, as preguntas atopaban respostas, unhas despois das outras. Como premio déronlle 5 pesetas. Entregoullas a súa nai e comprou 5 quilos de bacallau co que comeron case 5 semanas. Cada vez que o comía repetía para os seus adentros as respostas da enciclopedia para non esqueceras. *A min gustábame moito estudar.*

## SOA UN PIANO NA BIBLIOTECA



Enrique Prado na súa casa de San Pedro da Ramallosa. (Foto: Á. Bouzó)

Había só uns meses que Enrique Prado Cadaval convertera o seu recordo da Proval nun anaco de historia oral. Aos poucos meses de entrevistalo sorprendeunos a mala nova do seu pasamento. Que sirvan pois estas liñas de fondo agradecemento á súa memoria.

Enrique tiña unha conversa amena e lúcida, sabía como engaiolar o noso interese tecendo unha arañeira de nomes e datas, de feitos e anécdotas. Sen dúbida, debeu ser un alumno aventaxado, non só rematou en catro anos o grao elemental, senón que continuou polas tardes a preparatoria da carreira de Comercio con Enrique Valverde que non puido completar polo peche das Escolas, dubidando se ocorreu no ano 1933 ou no 34.

Era da parroquia de S. Pedro da Ramallosa e coñecía aos irmáns Lemos, Manuel e Laureano; a súa casa natal *Villa Superiora* quedaba moi preto

da súa, e sabía dos seus éxitos migratorios. Cóntanos que a idea inicial de Manuel Lemos era facer a escola na Insuela da Foz, construír unha ponte e converter a pequena illa nun lugar de instrución para os seus veciños. Levantar un inmoble que levase a pegada do emigrante transoceánico e que reunise as condicións técnicas, hixiénicas e pedagóxicas que os expertos da época recomendaban, un lugar que lle dese un aire novo á empobrecida e arcaica escola da Galiza rural, tan saturada de penurias e de eivas. Ese soño, aclarábanos, ergueuse primeiro na Ramallosa, nun edificio que había mesmo na curva despois de pasado o mercado, tíñano alugado, o dono chamábase Víctor González. Esa foi a primeira escola de nenos da UHA inaugurada en 1909, pero el aínda non nacera; a súa memoria xorde dezasete anos despois, no edificio actual das Escolas Proval de Vilariño, xa coas nenas ocupando a parte lateral esquerda.

Na súa primeira lembranza da Proval clasifica aos alumnos en *ricos, medianos e pobres*. El sería un *mediano*, por tanto non pagaba nin recibía nada, *os ricos pagaban 5 pesetas ao mes. Era Celestino, o fillo de Juan, o primeiro conserxe, o que ía cunha bicicleta vella polas aldeas recadar o pago; aos pobres dábanlles calzado, estaba prohibido andar descalzo.*

Agora a lembranza é dun rumor ao lonxe, unha cantarela de nomes de ósos pronunciados con luxuria, *disque o esquelete que hai na Física é dunha fermosa moza,*


*duns vinte e tantos, que apareceu afogada no río Miñor.* A Enrique gustáballe máis esta historia que non a outra, a do médico de Donas residente en Bos Aires, Domingo Manzanares, que doara o esquelete.

E é tamén a imaxe inmóbil da camioneta dos raios de madeira. No seu tempo xa non levaba aos nenos polas aldeas, el xa a recorda dentro do garaxe, solitaria, silenciosa. Acabou repartindo gasosas da fábrica *La Espuma*, ata que un día bateu cunha pedra e coa presión do golpe rebentaron moitas botellas. Os rapaces saían da escola e remexían entre os cristais na procura da valiosa esfera que servía de peche; trocábase cada unha por catro bólas do guá para xogar no recreo.

Ou o recordo do día que veu Lemos a Lourido. Era 1927 e inaugurábase “Praia América”, un proxecto empresarial que pretendía converter a praia nunha vila turística. O corpo de exploradores e a banda de cornetas das Escolas Proval ofrecíanlle ao seu benfeitor a súa sentida homenaxe. Enrique era un deses rapaces uniformados que desfilaron nos areais da recén fundada “Praia América”.

Noutra ocasión viñera o aviador lalinense Joaquín Loriga, ese día non houbo clase, todos os nenos e nenas da UHA tiveron permiso para ir ver a avioneta de dúas ás que non daba despegado do chan.

Praia América estaba de moda e os escolares de Lemos participaban das actividades axeitadas para a idade. Doutra vez, o consignatario Gustavo Kruckenberg organizara unha partida de polo con burros fariñeiros que non entendían por que se lles tiña que cambiar de traballo, e tamén ían ao *Pavillon Blue*, o local para a xente ben, onde se proxectaban sesións de cine mudo.



A importante biblioteca que posuían as escolas da UHA. (Foto: Vida Gallega)

E voltamos de novo á Proval. A memoria de Enrique detense agora na biblioteca, moi importante para a época; albergaba en 1928 case 5.000 libros. E sóalle un nome, Gumersindo Busto, membro da UHA, responsable da dotación bibliográfica e fundador da Biblioteca América. *A biblioteca estaba así como se entra pola porta principal á esquerda... Era un salón amplo onde había unha mesa moi grande e moi ancha. Ao seu redor dispúñanse os*

*libros, moitísimos, a enciclopedia Espasa, libros de xeografía e historia de América, de agricultura... con armarios de castaño que chegaban ata o teito. E alá no fondo había un piano, o mestre Antonio Taboada levábanos alí a cantar. El tocaba moi ben.*

E tamén alá no fondo, nun recanto afastado da acordanza de Enrique, soou, neses instantes de silencio que seguiron á última frase pronunciada, a música dese piano acompañada do coro de cativos.

## UN MANDIL BRANCO QUE ARRECENDE A PAN



Visita de M. Primo de Rivera ás escolas da UHA. Carmen Copena é a terceira pola esquerda, na terceira fila. (Foto: Arquivo do IEM)

última non é outro que o ditador Miguel Primo de Rivera.

A memoria de Mucha intenta reconstruír ese momento, pero van xa moitos anos. Ela foi alumna da Proval probablemente entre o 26 e o 29, mais non recorda con exactitude nin a data nin todas as caras. Algunhas confirmaas, como a de Álvaro Rei Alar, profesor do 3º Grao, sentado, o primeiro pola esquerda, ou a do director da escola, Enrique Valverde, o terceiro sentado, tamén pola esquerda, a de Lemos, na terceira fila, o único que leva sombreiro, ou a do alcalde de Gondomar nese tempo, José Quintas, na segunda fila, o segundo pola dereita. Tamén reconece a súa cuñada, Eloísa Vidal, profesora de música e piano, logo muller de Nolete; na Proval fixéronse noivos intercambiando miradas entre as buganvileas do claustro. E segue con Rosina Peralba, Paquiña Niel e a súa irmá Teresa, Laureano Álvarez, o perruqueiro, o seu irmán Sindo... e faise un silencio, un salaio que se abafa na gorxa e a enche de tristura; dáse conta que é das poucas superviventes. Non reconece a ninguén máis.



Grupo de mulleres lavando no río de Gondomar. Carme Copena está na segunda fila, ao lado da muller que leva unha nena no colo. (Arquivo do IEM)

Mucha está na terceira fila, tamén é a terceira do lado esquerdo. É a máis nena das mocetas que aparecen na foto. A súa cara despunta no oco deixado entre dous ombreiros. Mira fixamente á cámara como sabendo que ese é un momento histórico, intuindo que a súa presenza nese grupo formará parte, xa para sempre, da historia das Escolas Proval. O persoeiro que os acompaña, o invitado de gabán inglés, gorra de almirante, bastón e zapatos á

Mucha prefire agora bordar, facer caligrafía e escribir a máquina coa profesora Cefarina de 1º Grao e coa directora Pilar Soage, e polas tardes vai lavar a roupa ao río do Bravo, encántalle refregar ben os panos para que lles saia o chorro do xabón; e se vai moita calor, entón leva os porcos a bañarse, críanos para vender, e xa van sós, que saben o camiño; e os sábados e os domingos de mañanciña, ao lumbregar, Mucha vai tomar as augas



a Pego Negro. Sempre foi un fiño e esas augas tiñan sona de ser ferruxinosas e abrían o apetito. Gustáballe moito ir alí, sentíase acougada, como a auga maina, escoitando o murmurio da fonte, sentindo a frescura das árbores vizosas, e laméntase do estado actual do regato. Bebía uns grolos e regresaba axiña, ás nove xa estaba de volta, sabíao porque miraba a hora no reloxo aquel que Manuel Losada, o que fora representante da UHA no Val Miñor antes da chegada de Lemos, lle regalara ao concello de Gondomar. Tamén doara os terreos nos que logo se levantou o Grupo Escolar, e lémbrese do coche que trouxo nunha ocasión *grande, moi alto, cunhas rodas impresionantes*.




Carme Copena nunha celebración familiar. (Foto: Album familiar de C. Copena)

E a Mucha cada día que pasaba custáballe máis ir á escola, prefería andar por fóra e ocuparse dos traballos caseiros, *estudar nunca se me deu moi ben*; aínda non rematara o 3º Grao, con doce anos, cando toma a decisión de deixalo, abandona o mandilón dos labores de liño para vestir un mandil branco que arrecende a pan.

## A MEMORIA DO EXPLORADOR DISCIPLINADO

Pepe naceu en Mañufe, moi preto das Escolas Proval. Foi o seu alumno entre 1926 e 1931. El di que a chegada da República coincidiu *coa época na que a Unión Hispano Americana deixou de enviar cartos ao Val Miñor, por iso non puideron seguir estudando, por iso as escolas non puideron sosterse economicamente. É entón cando, a pesar de que seguen funcionando uns anos máis, pasan a mans do goberno español, e xa nunca máis foron o mesmo*.

A memoria de Pepe é fundamentalmente a memoria do explorador, disciplinada, rigorosa, aventureira, pero responsable, festiva, mais non chocalleira. É a memoria dos cometidos importantes do corpo de exploradores, instruídos polo profesor Álvaro Rey Alar, acompañados pola banda de cornetas baixo a batuta de don Ventura, cando van renderlle os honores ao rei Alfonso XIII na súa visita a Baiona en 1927, rexendo a vila baionesa o famoso contador de historias José Rodríguez de Vicente, *Joselín*. Noutra ocasión os honores son para o xeneral Martínez Anido, que visita en Monte-




Corpo de exploradores acompañados do seu profesor Álvaro Rey Alar no claustro das escolas da UHA. (Foto: Vida Gallega)

ferro o monumento levantado baixo a invocación da Raiña dos Mares na honra de todos os navegantes mortos no mar. Pepe cumpre co seu deber sen tacha; o seu uniforme, relucente, o seu bordón de pau, dereito como un cirio, o seu paso, lixeiro e acompasado.

A súa acordanza échese tamén de breves referencias, de recordos espallados da vida cotiá da Proval, da campaña que soaba ás 10 horas para ir ao recreo, das fileiras formadas ao entrar, dos profesores comprobando as mans limpas, dos libros, *A cara do A*, que era o silabario, o *2º Camarada*, a *3ª Infancia*, e logo os de grao medio, as enciclopedias que concentraban todo o saber.

Do claustro, *alí non se podía xogar*, cun pequeno chafarís no medio e flores arredor, *acórdame que eran pensamentos, todo estaba moi ben coidado, e ao fondo os comedores, dun lado o das nenas, do outro o dos nenos e no medio había un cuberto polo que se saía á parte de atrás*. E de novo a memoria de Pepe prepárase co equipo que adestraba na cancha das escolas situado no alto, *Unión Centro Valle*; el xa non era alumno, as escolas xa non eran da *UHA*, xa fixeran unhas escaleiras para subir que antes non había, pero el viña ver como xogaban; levaban as iniciais *UCV* bordadas na camisa, xogaban ás veces cos de San Pedro e cos de Baiona e sempre gañaban, *nas escolas sempre houbo moita afección ao fútbol, de aí saíron moi bos xogadores como o Nolete e o Hermidita*.



José Fernández, Pepe, situado á dereita de Alfonso Sestelo na casa deste último en Gondomar. (Foto: B. Legaspi)

E a memoria de Pepe non se esgota, ten lembranzas para todos, *quen coidaba de todo era Celestino, ¡coitado!, atropelouno un coche cando ía coa bicicleta*. A súa muller, *Carmen chamábanlle a da escola, viviu moitos anos no garaxe, ou polo menos alí facía de comer*. *Celestino era o fillo de Juan, o primeiro gardián, o que estivera con don Eladio, pero eu del xa case non me dou conta*. Pero do que si se dá conta é daqueles sucesos dramáticos que ocorreron preto da súa casa, e preto da Proval, que tinxiron de sangue o devir cotián de Mañufe na década dos 20; un dos crimes sucedera *na véspera de S. Blas, o de Sebastián, o outro, o do médico Andrés Gestal, foi por setembro*. El era moi pequeno, tería oito ou nove anos, pero a súa fantasía de neno quedou ben mantida durante anos, xa que conserva intacta na memoria a macabra reconstrución dos feitos, ao parecer *porque nos dous casos querían roubarlles o diñeiro*; Pepe cóntanos tamén que dende aquela, os de Mañufe cargan inxustamente ao lombo co sinistro alcume de *os da machada*.

## UNHA NOTA FESTIVA PARA LEMOS



Encarna Sestelo no seu domicilio de Gondomar.  
(Foto: B. Legaspi)

Encarna recíbenos moi animada. A ela sempre lle gustou cantar, xa dende nena; hoxe cántalle ás netas cancións que aprendeu na Proval, *aprendíanse cantares máis ben de América*. Na biblioteca, alá ao fondo, acompañados polo piano, os nenos e as nenas ensaiaban himnos patrióticos, nocións de solfexo, cantigas populares ou estrofiñas publicitarias dos viños e licores das adegas *La Superiora*, propiedade de Lemos, alá na súa Mendoza andina, xa estremeira con Chile, *Es un tónico divino, es esencia de alegría. Es un tónico divino, es extracto del amor. Es aroma y es poesía. Es consuelo para el triste, es animador de fiestas y orgullo de esta nación*.


Lamenta que a súa memoria só reconstrúa pequenos fragmentos e non poida proseguir o cantar, pero fálanos a seguir de Lemos, de Manuel, que alí nas Escolas *oíase como o mandamais, o promotor de todo, ao que había que agasallar en todo momento*. O seu irmán Alfonso dóese da

soidade austera do busto pétreo de praia América co que o pobo lle correspondeu. A banda de cornetas, non obstante, onde tocaba Quico, o outro irmán de Encarna e Alfonso, foi máis xenerosa; acompañada do corpo de exploradores, foron un día facerlle unha sonada homenaxe, tal como se merecía, ao seu chalé de Cotros, na Altamira da Foz.

Algúns dos compañeiros cornetas de Quico eran de Morgadáns; viñan ás escolas para prepararse ben e marchar a América, *vir ás escolas de Lemos era unha garantía que levaban con eles, que estudiaran aquí, na escola hispanoamericana*, a pesar de que en Morgadáns había tamén escola e Encarna lémbrese do nome dun mestre, *Taibo, chamábanlle Taibo, cando estoupou a guerra disque o destituíron da súa praza por galleguista porque xa daquela ensinábanlles en galego aos rapaces e claro, iso en ningún sitio se facía porque nin aquí en Gondomar, no Grupo Escolar de dona Valentina e don Enrique Márquez, nin na Escolas Proval deixaban falar galego dentro das aulas*.

Días despois caemos na conta que ese Taibo non era outro que Victoriano Taibo, o escritor e académico vinculado ao galeguismo deste tempo.

Os irmáns Sestelo entristécense cando coñecen que o piano xa non está nas Escolas Proval, *era un piano grandísimo*. Encarna lémbrese da última vez que o viu, ela xa non era alumna, foran retratarse *vestidas de flechas, era a moda*. Tamén era verán e as escolas acollían campamentos da Sección Feminina da Falanxe, o *Campamento María Laura*, e aos veciños non lles chistaba nada a idea de velas por alí, *non quedaban uvas nin froita na veciñanza, mesmo se rumoreaba que apañaban tamén con cousas valiosas das escolas*.



Grupo de mozas da Sección Feminina da Falanxe na fachada principal das Escolas Proval. Encarna Sestelo atópase no medio da segunda fila. (Foto: Arquivo do IEM)

A foto está feita nas escaleiras da fachada principal das Escolas, Encarna, inconscientemente, sobe polas da esquerda, por onde subía cando era nena. *Os nenos facíamolo polas da dereita*, remátalle o seu irmán Alfonso.

Logo de retratarse mira a porta da biblioteca entreaberta e axexa; os seus ollos distinguen na escuridade un vulto alá ao fondo, tapado cunha saba branca, silencioso, solitario, e veulle á memoria a profesora Eloísa tocando o piano con gráciles dedos mentres os nenos cantaban, *es un tónico divino, es esencia de alegría...* Foi a última vez que o viu.

#### PICANDO PEDRA




Eustaquio Ferreiro no seu domicilio vigués. (Foto: A. Bouzó)

Eustaquio ten no trato a pegada de ter percorrido mundo. Os seus xeitos e a súa maneira de falar delatan a un home culto e pragmático. É o máis pequeno dos nove fillos de Eladio Ferreiro, o primeiro director das Escolas Proval, e aínda que a súa vinculación coas mesmas non sexa testemuñal, ao non ter estudado aquí, si que resulta reveladora a memoria que vincula ao seu pai coa *UHA* do Val Miñor.

E demóstranolo nada máis comezar aclarándonos a presenza de tantas mulleres nunha foto de *Vida Gallega* onde se ven as escolas en construción, ¿serán as doce e virán traerlles a comida aos homes?, ¿poríanse aí para saír na foto?, ningunha das suposicións que barallamos era a atinada. É Eustaquio quen nolo resolve. *Esas mulleres estaban picando pedra, traían as pezas sen partir e elas cuns martellos grandes cun pau fendíanas ata facer uns coiros pequenos que logo se botaban na terra. Pagábanlles a razón de m<sup>2</sup>, tantos m<sup>2</sup>, tantas pts.*

Eustaquio naceu un ano antes de que cesaran a seu pai da dirección no ano 23; non ten moi claros os motivos, era moi pequecho e na casa non se falaba de traballo; sóanlle certas diferenzas de opinión entre seu pai e Lemos ou entre seu



As Escolas Proval en construción. (Foto: Vida Gallega)

educación como elemento clave para rexenerar e impulsar a mellora da vida, o progreso da comarca, e lémbrese dunha vez que a directiva trouxo a un enxeñeiro madrileño para valorar a rendibilidade da explotación dos cultivos agrícolas que se ofertaban no centro. E tamén ten claro o obxectivo educacional das escolas, a preparación do alumnado ante o feito migratorio, *a educación era máis para ir a América e que non fosen sen saber nada.*



Eladio Ferreiro, no centro, primeiro director das Escolas da UHA pro Val Miñor acompañado doutros profesores do claustro. (Foto: Vida Gallega)

pai e Julia Solá, directora das nenas, que se trasladaran ao novo edificio dende o da Ramallosa en 1919, pero tampouco podería precisalo, *entón veu Lemos e quixo meter a esa señora, quixo meter de directora das nenas e que meu pai fose director dos nenos, pero non lle gustou a idea.*

Non obstante, si que ten clara a gran dedicación do seu pai ás escolas, e relaciónao coa mentalidade aberta ás correntes de pensamento da época que promovían a

A partir do cese na Proval, Eustaquio lembra ao pai nunha militancia pasaxeira na Unión Patriótica de Primo de Rivera, ocupando durante un período breve o cargo de secretario no concello de Gondomar e tamén vinculado á escola americana de Tomiño, *La aurora del porvenir*, ata que accede xa con carácter definitivo ao corpo de mestres nacionais na escola normal de Borreiros. Polas tardes prepara a alumnos que accedían á segunda ensinanza por libre; a súa sonda de bo ensinante, disciplinado e rigoroso atrae a moitos rapaces do Val Miñor, algúns, antigos alumnos seus da Proval. Foron os mesmos que no ano 53 lle renderon unha calorosa homenaxe co gallo da súa xubilación, foron os mesmos, abofé, a quen don Eladio curou das feridas, das pedradas e da ignorancia, no tempo que el foi director das Escolas Proval.

